



# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

---



*fundación*  
**GALICIA EUROPA**

MEMORIA DE  
ACTIVIDADES  
**2016**





**Edita**  
Fundación Galicia Europa

**Textos e coordinación editorial**  
Fundación Galicia Europa

**Deseño e maquetación**  
Europublic Comunicación

Rúa do Hórreo, 61.  
15701 Santiago de Compostela

T. (+34) 981 541 012  
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

Rue de la Loi, 38-2º, bte. 2. 1040 Bruselas  
bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

## Fundación Galicia Europa: achegando Europa e Galicia

A Fundación Galicia Europa (FGE) nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas.

A Xunta aprobou en 2015 o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, e que na súa disposición adicional primeira define a Fundación Galicia Europa como “unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico galego que ten o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.”

O labor da FGE xira ao redor de dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade comunitaria en Galicia e a defensa das posicións galegas no contexto europeo. Para conseguilo, a Fundación traballa en catro ámbitos:

- **Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.** Co obxectivo de promover os intereses galegos ante as institucións europeas, a FGE realiza un labor de seguimento das políticas e normativas comunitarias para informar sobre elas en Galicia, especialmente á Administración Autonómica. Ao mesmo tempo, presta apoio e asesora aos participantes galegos en foros como o Comité Europeo das Rexións e noutras reunións a nivel comunitario. Comple-

mentariamente, a Fundación organiza actividades para dar a coñecer Galicia en Bruxelas.

- **Promoción da participación galega en proxectos europeos.** A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos, co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado de Galicia. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións ou na mesma participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese. Por outra banda, a Fundación organiza seminarios de formación sobre xestión de proxectos en Galicia.
- **Información sobre a Unión Europea en Galicia.** A FGE traballa polo achegamento da actualidade comunitaria á sociedade galega, así como para informar sobre posibilidades de participación en programas de financiamento europeo ou oportunidades de emprego e prácticas nas institucións. Ademais, a través do portal web pódese consultar a actualidade daqueles temas que máis afectan a Galicia.
- **Formación e sensibilización sobre Europa en Galicia.** O compromiso da FGE coa formación permitiu que nos 29 anos da súa existencia máis de 400 persoas coñecesen máis de preto a UE a través das súas bolsas de formación. Do mesmo xeito, a través de seminarios e cursos que organiza a Fundación, foméntase a formación e sensibilización da sociedade galega en temas relacionados coa UE.

## PADROADO

<b>PRESIDENTE:</b>	<b>Alberto Núñez Feijoo</b> Presidente da Xunta de Galicia
<b>VICEPRESIDENTE:</b>	<b>Alfonso Rueda Valenzuela</b> Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
<b>SECRETARIA:</b>	<b>Marta Viñas Hylas-Bernoud</b> Asesora Xurídica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
<b>DIRECTOR:</b>	<b>Jesús M<sup>a</sup> Gamallo Aller</b> Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
<b>VOGAIS:</b>	<b>Valeriano Martínez García</b> Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia
	<b>Francisco José Conde López</b> Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia
	<b>Angeles Vázquez Mejuto</b> Conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia
	<b>Rosa María Quintana Carballo</b> Conselleira do Mar da Xunta de Galicia
	<b>Teresa Pedrosa Silva</b> Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo
	<b>Santiago Novoa García</b> Director de Banca Institucional de Abanca
	<b>D. Valentín González Formoso</b> Presidente da Deputación da Coruña
	<b>D. Alvaro Santos Ramos</b> Deputado da Deputación de Lugo
	<b>D. Patricia Argerey Vilar</b> Director da Axencia Galega de Innovación (GAIN)

## ÍNDICE

2016 en cifras	7
<b>A. Defensa dos intereses galegos en Europa</b>	<b>8</b>
Participación Institucional	9
• CdR	9
• Consello da UE	11
Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas	12
Seguimento das políticas comunitarias	16
• Primeiros debates sobre o futuro da Política de Cohesión	16
• Retos demográficos	18
• Política Agrícola Común e Política Pesqueira Común	20
Foros de debate en Bruxelas con participación galega	24
Participación da FGE en redes de cooperación rexional	26
Rede de responsables de asuntos comunitarios na Xunta de Galicia	28
Promoción de Galicia en Bruxelas	29
<b>B. Fomento da participación galega en proxectos europeos</b>	<b>30</b>
Teceuropa	31
Apoio ás universidades: presenza de FEUGA en Bruxelas	32
Apoio aos actores galegos de I+D+i: presenza de GAIN en Bruxelas	33
Participación da FGE en propostas de proxectos europeos	35
<b>C. Información sobre a UE en Galicia</b>	<b>36</b>
<b>D. Formación e sensibilización</b>	<b>38</b>
Bolsas para a realización de prácticas en asuntos europeos	39
Xornadas informativas e seminarios en Galicia	39
Visitas de grupo en Bruxelas	41
Índice de siglas	43



## 2016 EN CIFRAS

  
**33.000**  
 beneficiarios das actividades da FGE

  
**16** eventos do Comité Europeo das Rexións nos que Galicia tomou parte

  
 Organización de **7** visitas institucionais á capital comunitaria

  
 Participación galega en **12** foros de debate en Bruxelas






  
**500** participantes nas actividades de formación e sensibilización sobre a UE en Galicia


  
 Máis de **3.500** seguidores nas redes sociais

  
 Máis de **250** noticias publicadas na web

  
 Difusión de **164** convocatorias e **40** procuras de socios para participar en proxectos europeos

## Orzamento de funcionamento FGE (736.752 €)

-  Defensa dos intereses galegos en Europa
-  Información sobre a UE en Galicia
-  Fomento da participación galega en proxectos
-  Formación e sensibilización
-  Gastos administración







## DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA

A FGE prestou asistencia durante 2016 en 23 reunións do Comité Europeo das Rexións.

### Participación institucional

#### CDR

A Fundación Galicia Europa (FGE), entidade instrumental do sector público autonómico, prestou asistencia durante 2016 en 23 reunións do Comité Europeo das Rexións (CdR) nas que participou o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, como membro suplente desta asemblea de entes rexionais e locais do espazo comunitario. Ademais das dez reunións de comisións de traballo (cinco da comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores -CIVEX- e cinco da comisión de Recursos Naturais -NAT-) e as cinco sesións plenarias, o tamén director da FGE participou noutras reunións extraordinarias fora da sede como dúas visitas de estudo no Norte de Portugal e en Murcia, na Mesa extraordinaria celebrada en Ámsterdam coincidindo coa Presidencia holandesa da UE, e no Cume Europeo de Rexións e Cidades que tivo lugar en Bratislava, dedicada ás necesidades de investimento territoriais.

Durante este ano, o CdR deu luz verde a **50 ditames**, algúns deles de vital importancia para Galicia, como os referidos á resposta da UE ao reto demográfico, a volatilidade dos prezos dos produtos agrícolas ou as medidas técnicas de xestión da pesca. Ademais, aprobáronse importantes resolucións que tratan de influír na axenda europea como as referidas ao orzamento da UE e ao programa de traballo da Comisión Europea para 2017, e debateuse persoalmente cos máis altos cargos das institucións europeas como o presidente do Consello Europeo, Donald Tusk; un ministro da Presidencia holandesa da UE; varios eurodeputados; o vicepresidente da Comisión Europea para o Mercado Único Dixital, Andrus Ansip, e os comisarios de Política Rexional, Corina Cretu; Educación, Tibor Navracsics; Industria, Elżbieta Bieńkowska; Saúde, Vytenis Andriukaitis, e Migración, Dimitris Avramopoulos.

Na comisión CIVEX traballouse en seis ditames, que representan a opinión dos municipios



e rexións da UE, sobre as propostas da **Axenda Europea de Migración**, unha das grandes prioridades da Comisión Juncker este ano. Como Jesús Gamallo é o coordinador político do grupo PPE nesta comisión, a FGE prestou unha especial atención a cada un destes ditames, que revisten unha gran importancia para certos membros do CdR, como os representantes italianos e gregos no caso da proposta de reforma do Sistema Común de Asilo, ou para os belgas e alemáns no referido á integración de nacionais de terceiros países. Así pois, Galicia contribuíu activamente a conformar a posición do CdR respecto á crise dos refuxiados, posición que quedou reflectida, ademais de en os seis ditames mencionados anteriormente, nunha resolución aprobada en febreiro en favor do Acordo de Schengen e na adopción de dous ditames referidos a unha mellor atención aos refuxiados nas zonas de orixe e á loita contra a radicalización e o extremismo violento no ámbito local e rexional.

En NAT, mantivéronse debates sobre aspectos clave das políticas comúns de Pesca e Agricultura que afectan especialmente o sector primario en

Galicia. En relación co **sector lácteo**, houbo dous: un en marzo co presidente da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo e outro en xuño coa Mesa Europea do Leite e representantes da Comisión e o Parlamento Europeo. En ambos, o representante galego deixou constancia da preocupación galega por este sector e solicitou unha nova regulación do mercado do leite.

No ámbito pesqueiro, NAT organizou en xuño unha mesa redonda sobre a **pesca costeira a pequena escala** que puxo de relevo a atención especial que se lle presta desde as instancias europeas, o que motivou a elaboración en Galicia dun plan de apoio a este sector valorado en 158 M € e cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro (un 35% do total que se destina en Galicia). Outro ditame no ámbito da pesca especialmente relevante para a nosa rexión foi o referido ao futuro **Regulamento de Medidas Técnicas**, co que se regularán as artes de pesca permitidas, a composición das capturas ou as zonas e tempadas de vedas, entre outros. O proxecto de ditame incluía 21 propostas presentadas por Galicia na comisión



NAT e elaboradas a partir do posicionamento que adoptou o Consello Galego de Pesca no mes de xullo sobre esta proposta de regulamento europeo. A pesar de que na votación final en pleno decaeron algunhas destas propostas, lograron incorporarse importantes matices como a existencia de que toda nova medida sexa sempre acompañada dos correspondentes estudos científicos e de avaliacións de impacto social e económico.

Así mesmo, na comisión NAT elaboráronse durante este ano ditames de especial relevancia para Galicia no ámbito da regulación da **volatilidade dos prezos dos produtos agrícolas**, o apoio aos novos agricultores europeos, a estratexia cara a unha política alimentaria da UE sustentable e o turismo como motor para impulsar a cooperación rexional na UE. Ademais, os membros da comisión NAT mantiveron en novembro unha reunión conxunta cos membros da comisión de Agricultura do Parlamento Europeo na que debateron sobre o futuro da política de desenvolvemento rural e na que ambas institucións mostraron a súa preocupación pola actual redución de orzamento europeo destinado a este fin.

## Consello da UE

Tras a participación galega no segundo semestre de 2015 nas formacións de Emprego e Asuntos Sociais, e Educación, Cultura e Mocidade, durante este ano non lle tocou a Galicia participar en ningunha das catro formacións do Consello da UE abertas a intervención autonómica. A FGE participou activamente no grupo de traballo establecido pola Consellería de Asuntos Autonómicos da REPER con todos os responsables das oficinas autonómicas en Bruxelas para facer balance dos máis de dez anos de participación autonómica no Consello e facer propostas de mellora. Para mellorar a transmisión de información, a FGE suxeriu catro propostas que foron tidas en conta no documento final de conclusións: a elaboración dunha guía de asistencia inicial para os participantes autonómicos, o seguimento continuado da participación autonómica, a instauración dun sistema de actualización de contactos nas CCAA e a mellora dos contidos de información que se transmiten entre as CCAA. O documento elaborouse para ser analizado no marco da CARUE.





## Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas

A FGE organizou a visita a Bruxelas de cinco membros do goberno galego para reunirse con representantes das institucións comunitarias.

Cinco membros do goberno galego visitaron Bruxelas en 2016 para, no exercicio das súas funcións, manter encontros con diversos representantes das institucións comunitarias. Nestas visitas, a FGE prestou o apoio necesario, identificando os interlocutores máis adecuados nas institucións europeas, deseñando as axendas e prestando asesoramento loxístico e técnico para que estes desprazamentos resultasen o máis frutíferos posibles. Ademais, no caso das conselleiras de Medio Rural e do Mar, estas visitas foron posibles grazas ao convenio en vigor entre a FGE e esta última consellería para dispoñer dunha asesora técnica destacada na oficina de Bruxelas que se ocupa do seguimento destas dúas políticas comunitarias tan relevantes para Galicia.



No mes de febreiro, a **conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez**, reuniuse cos directores de Desenvolvemento Rural e de Mercados da Comisión Europea para trasladar as demandas do goberno galego sobre o sector lácteo, en relación coa transparencia na cadea de produción e ao peso específico que Galicia debe ter nas negociacións como novena rexión produtora de leite en Europa. Tamén se reuniu co embaixador adxunto de España ante a UE, a quen transmitiu as súas inquietudes sobre as cuestións tratadas nos diferentes foros que conforman o Consello de Agricultura da UE; cos europarlamentarios Esther Herranz e Francisco Millán Mon e co gabinete do comisario de Agricultura e Desenvolvemento Rural, Phil Hogan, para defender os produtos galegos de calidade no contexto das negociacións de tratados de índole comercial internacional.

En abril, a FGE organizou a visita do **conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez**, que tivo como obxectivo fundamental presentar na capital comu-

nitaria o Plan Estratéxico de Galicia (PEG), dada a súa estreita relación coa estratexia Europa 2020 e coa execución dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE). O conselleiro reuniuse co gabinete do vicepresidente da Comisión Europea responsable de Competitividade, Jyrki Katainen, coa directora xeral de Política Rexional e Urbana, Charlina Vitcheva, cos tres eurodeputados galegos, Francisco Millán, José Blanco e Lidia Senra, e co vicepresidente do PE, Ramón Luís Valcárcel. A todos eles explicou o PEG como unha ferramenta para planificar as políticas aplicadas en Galicia cara aos obxectivos europeos de 2020, para o que establece eixos prioritarios, liñas de actuación e indicadores de resultado no deseño e execución do orzamento da Xunta de Galicia.

Tamén en abril, visitou Bruxelas a conselleira do Mar, Rosa Quintana acompañada do presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Enrique López Veiga, para presentar a estratexia de crecemento azul que este porto estaba a deseñar para poñer





en marcha no sur de Galicia. Na reunión co director da DG Mare para o Atlántico, Bernhard Friess, Rosa Quintana defendeu a idoneidade e o potencial que este porto ten para aplicar en Galicia esta estratexia impulsada pola UE co obxectivo de apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo. A estratexia galega foi tamén presentada ante un grupo de funcionarios desta dirección xeral, autora do concepto Blue Growth.

A conselleira e o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo volvieron a Bruxelas en outubro para presentar os resultados da elaboración desta estratexia. A partir da constitución de 14 grupos de traballo, que contaron coa participación de máis de 250 persoas, propuxéronse 38 proxectos, algúns deles xa redactados e presentados a convocato-

rias, así como 44 accións. Estes proxectos e accións supoñerían máis de 200 millóns de euros de investimento para o que o Porto de Vigo pretende combinar o financiamento público co privado.

Durante esta segunda visita, a delegación galega mantivo varias reunións nas que presentou a estratexia xa deseñada, que foi acollida de maneira moi positiva, xerou gran interese e, mesmo, un compromiso para darlle a máxima visibilidade posible. No gabinete do comisario de Pesca cualificárona como “un dos mellores casos —ou mesmo o mellor— de aplicación da estratexia Blue Growth”. A axenda da visita incluíu encontros con DG MARE, DG Medio Ambiente, DG Clima, DG MOVE, DG REGIO, DG COMP e o gabinete do vicepresidente Katainen.

## A FGE chamou a atención do Parlamento Europeo sobre os retos demográficos aos que se enfrontan moitas rexións europeas.



En setembro, o **conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela**, desprazouse a Bruxelas para participar no seminario “Política de Cohesión da UE: como poden facer fronte as rexións europeas ao desafío demográfico?”, organizado polo Servizo de Investigación do Parlamento Europeo (EPRS) co apoio da Fundación Galicia Europa. Con este seminario, pretendíase chamar a atención do Parlamento Europeo sobre os retos demográficos aos que se enfrontan certas rexións europeas para o deseño da política de cohesión posterior a 2020, antes de que a Comisión Europea elabore a súa proposta respecto diso. Nel participaron, ademais do representante galego, o vicepresidente do PE, Ramón Luís Valcárcel, a eurodeputada italiana Mercedes Bresso e representantes políticos das rexións alemás de Turingia e Sajonia-Anhalt. Con motivo deste seminario, o EPRS publicou ademais unha análise sobre a situación das zonas escasamente poboadas en Europa, que foi distribuído entre os 750 eurodeputados.

Por último, en decembro, o **conselleiro de Saíndade, Jesús Vázquez Almuíña**, desprazouse a Bruxelas para participar no Cume sobre Innovación Dixital para o Envellecemento Activo e Saudable, foro no que Galicia foi recoñecida como unha das 74 rexións de referencia neste ámbito para o período 2016-2018. A súa candidatura recibiu tres estrelas das catro posibles, mantendo e mellorando deste xeito o recoñecemento reci-



bido en 2013. Co apoio da FGE, o conselleiro e a directora da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), Sonia Martínez Arca, mantiveron unha reunión con representantes das outras 12 comunidades autónomas, que obtiveron tamén esta distinción co obxectivo de resaltar o feito de que España sexa o país con máis sitios de referencia recoñecidos. A FGE organizou igualmente unha axenda de reunións do conselleiro e a directora da ACIS co director xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea, Xavier Prats, e co responsable de compra pública innovadora en DG CONNECT, Miguel Gonzalez Sancho. A todos eles explicou a posta en marcha de varios proxectos innovadores no sistema sanitario galego cofinanciados con fondos estruturais e licitados a través de compra pública innovadora.

## Seguimento das políticas comunitarias

### Primeiros debates sobre o futuro da Política de Cohesión

A FGE seguiu de preto estes primeiros debates, para o que mantivo diversas reunións con representantes das direccións xerais de Política Rexional e de Orzamentos da Comisión Europea, así como coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER), entre outras actividades. Por unha banda, está a debaterse sobre a elaboración do **futuro Marco Financeiro Plurianual** máis aló de 2020, do que a Comisión Europea presentará a súa proposta a finais de 2017. Neste marco, que fixará os teitos de gasto do orzamento comunitario, a política de cohesión vén representando un terzo do total. Dada a gran incidencia dos fondos desta política no desenvolvemento de Galicia nos últimos anos, a FGE sumouse a diversos foros nos que se defende que a política rexional siga sendo a principal política de fomento do investimento na UE.

Doutra banda, en 2016 empezouse xa a falar sobre como debería ser a nova política, anunciando a Comisión Europea importantes cambios para despois de 2020. Como conseguir unha maior flexibilidade, como asegurar unha vinculación máis estreita co proceso de coordinación das políticas económicas dos 28 (Semestre Europeo), como lograr unha maior simplificación e como obter mellores resultados son os principais elementos deste debate. A FGE deseñou un cuestionario para solicitar as opinións dos actores galegos a este respecto e así poder elaborar unha posición galega que defender en Bruxelas.

Un primeiro paso para definir esta posición foi a participación galega na rede de rexións **“Together for Cohesion”** que, a iniciativa da rexión de Baixa

A FGE participou na elaboración dunha declaración institucional en defensa da política rexional apoiada por 332 rexións e municipios europeos.

Austria, traballou en Bruxelas para elaborar unha declaración institucional sobre a importancia da política rexional. Tras meses de traballo, esta declaración presentouse en Bruxelas nun gran acto institucional a finais de setembro co respaldo ao máis alto nivel de 332 rexións e municipios. Baixo o título “Unha política rexional forte e renovada para todas as rexións despois de 2020”, a declaración recalca que os fondos de Cohesión son unha peza clave para a competitividade dos territorios europeos, así como para loitar contra o cambio climático, favorecer a transición enerxética, crear emprego e mellorar as infraestruturas en toda a UE. Foi entregada ao presidente do Comité das Rexións, á comisaria de Política Rexional, ao embaixador da Representación Permanente de Eslovaquia —en representación da presidencia de quenda da UE— e á presidenta da comisión de Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo. No caso galego, esta declaración leva a firma do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. A FGE estivo moi implicada na elaboración e presentación desta declaración xa que coordinou a participación do resto de CCAA na iniciativa. A

partir de outubro, esta rede encargouse de facer un seguimento do posicionamento dos diferentes actores no debate. Tamén a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asociación Europea de Rexións Fronteirizas (ARFE), das que Galicia é membro, elaboraron xa senllos documentos de posición.

Por último, tamén foi obxecto de seguimento por parte da FGE o **axuste técnico das asignacións da Política de Cohesión e a activación do procedemento da chamada condicionalidad macroeconómica**. Respecto ao axuste técnico, en xuño a Comisión Europea publicou a súa proposta para rectificar as asignacións decididas en 2013 tomando como referencia o nivel de PIB dos anos 2012 a 2014 en lugar dos anos 2007 a 2009. Dos 4.000 novos millóns de euros a repartir, España recibirá máis da metade (uns 2.200 a distribuír entre 2017-2020) debido a que foi un dos países máis afectado pola crise nesos tres últimos anos. Ademais do importe, o Estado español negociou coa Comisión Europea unha maior flexibilidade para o uso destes novos fondos que, en principio,



van ter como principal prioridade a loita contra o desemprego xuvenil, a atención á crise dos refuxiados e o fomento dos investimentos a través de instrumentos financeiros.

En relación coa condicionalidad macroeconómica, a FGE advertiu da posible suspensión de fondos en 2017 en Galicia debido ao incumprimento reiterado do obxectivo de déficit por parte de España desde 2009. A pesar de estar recollida nos regulamentos, esta situación non chegou finalmente a producirse, grazas á oposición do Parlamento Europeo e á presentación de novas medidas por parte do Goberno español. A Xunta e a FGE expresaron, en diferentes foros, en especial a través do Comité Europeo das Rexións, a súa oposición a esta suspensión xa que iría en detrimento da correcta execución dos programas operativos, que xa arrastran atrasos considerables. Ademais, alegaron que supoñería unha sanción dobremente inxusta para as administracións subestatales que non son responsables do déficit nacional; máis aínda en casos como o de Galicia, que si cumpriu cos obxectivos do déficit fixados pola UE.





## Retos demográficos

Sensibilizar a nivel europeo sobre os desafíos demográficos continuou sendo unha prioridade para a FGE en 2016. Neste sentido, Galicia contribuíu á elaboración do **ditame do CdR “A resposta da UE ante o desafío demográfico”**, liderado polo presidente de Castela e León, e aprobado a mediados de xuño en sesión plenaria. Nel resúmese bastante ben a resposta actual da UE ante o cambio demográfico. Explicase que é parcial (centrada no envellecemento) e pouco desenvolvida, a pesar de que o Tratado de Funcionamento da UE (TFUE) prevé, no marco da política de Cohesión, “unha especial atención ás rexións que padecen desvantaxes naturais ou demográficas graves”. Por iso, o CdR insta a que o cambio demográfico sexa considerado un tema transversal na UE, tanto no deseño de todas as políticas como na estratexia Europa 2020 e o Semestre Europeo; únese ao PE ao solicitar unha estratexia europea sobre cambio demográfico; solicita unha definición precisa do concepto “desvantaxes demográficas graves e permanentes” que recolle o TFUE; e pide que a Política de Cohesión oriéntese de forma decidida a facer fronte a este reto demográfico.

O tema demográfico foi tamén obxecto das **visitas dos conselleiros de Facenda, Política Social e Sanidade**. No caso de Facenda, porque a cuestión comercial constitúe un eixo transversal do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 que presentou en Bruxelas. Precisamente por mor da reunión mantida entre este e o vicepresidente do Parlamento Europeo, Ramón Luís Valcárcel, a FGE empezou a colaborar co Servizo de Investigación do PE para organizar o seminario de setembro sobre como poden as rexións europeas facer fronte ao desafío demográfico mediante os fondos de cohesión. Neste seminario, o conselleiro de Política Social destacou que Galicia acumula, desde 1988, 27 anos de saldos vexetativos negativos, o que xera unhas deficiencias estruturais que deberían poder ser abordadas en maior medida pola política de cohesión.

A innovación é, polo momento, a gran aposta europea para facer fronte e adaptarse ao envellecemento poboacional que afecta o conxunto da UE. Por iso é polo que en 2011 a Comisión Europea lanzase a **Asociación Europea pola Innovación no ámbito do Envellecemento Activo e Saudable** (EIP-AHA nas súas siglas en inglés) na que participa a Consellería de Sanidade. É neste contexto no que se enmarca a visita do conselleiro de Sanidade en decembro. Coa obtención de tres estrelas




como sitio de referencia europeo neste ámbito, a UE reconece a contribución de Galicia a esta iniciativa coa que se pretende que as persoas maiores poidan aproveitar a existencia de produtos e servizos innovadores que as axuden a manterse con boa saúde, activas e independentes durante máis tempo. A UE reconeceu especialmente a experiencia galega na implantación da historia clínica electrónica e no uso de compra pública innovadora para desenvolver proxectos innovadores na asistencia sanitaria galega. A FGE acompañou á Xunta na súa participación no EIP-AHA desde os seus inicios.

Por último, a FGE seguiu participando activamente na Rede de **Rexións con Desafíos Demográficos (DCRN)**, unha rede informal de oficinas de representación rexional en Bruxelas que trata de sensibilizar sobre estas cuestións a nivel comunitario tratando de ligar as preocupacións rexionais á axenda europea. A Xunta de Galicia mostrou un especial interese nos traballos desta rede como labor complementario á desenvolvida en España no Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos (FREDD) creado fai tres anos. Este foro, que conta xa coa participación de oito CCAA, celebrou precisamente a súa quinta reunión política en Santiago de Compostela no mes de xuño.

En 2016 a FGE participou nas tres reunións celebradas pola DCRN. Na primeira, a FGE explicou o Plan de Dinamización Demográfica e o Plan de Apoio á Natalidade adoptados en Galicia nun debate sobre como afrontar os retos demográficos desde a perspectiva europea, no que, ademais, participou un representante de DG EMPL e un experto académico de Finlandia. A segunda reunión abordou a adaptación das contornas ás persoas maiores, para o que contou coa intervención dun representante de DG CNECT, quen informou do proceso de elaboración dun Marco de Referencia Europeo para os chamados “fogares intelixentes”. Ademais doutras experiencias en España, Alemaña e Holanda, un representante da *Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia* (AMTEGA) interveu na reunión para explicar como se están implantando os fogares intelixentes en Galicia. A terceira das reunións da DCRN centrouse no papel que desempeñan as políticas de mocidade para facer fronte ao cambio demográfico, contando cun representante da Comisión Europea para presentar os resultados obtidos nos tres anos de vixencia da Garantía Xuvenil e a Iniciativa de Emprego Xuvenil. Tres rexións membro da DCRN explicaron, ademais, as súas experiencias neste ámbito.





O Parlamento Europeo organizou, co apoio da Xunta, unha visita de varios eurodeputados da comisión de Pesca a Galicia.

## Política Agrícola Común e Política Pesqueira Común

Como xa se mencionou, la FGE mantén un convenio coa Consellería do Medio polo cal conta cunha asesora técnica destacada na oficina da FGE en Bruxelas para ocuparse do seguimento das políticas comunitarias no ámbito da pesca e da agricultura.

En materia de **agricultura**, a atención en 2016 centrouse no seguimento da actualidade sobre o sector lácteo e, en particular, no paquete de medidas lanzado pola Comisión Europea en setembro de 2015 co que se pretende conseguir unha necesaria adecuación da oferta á demanda nun contexto de desequilibrio a nivel global. Outros dos asuntos aos que se prestou maior atención é a execución do

novo Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020, as diferentes actuacións no ámbito forestal, así como a defensa das Indicacións Xeográficas Protexidas e as Denominacións de Orixe Protexidas galegas. É neste contexto no que a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, realizou unha visita institucional a Bruxelas no mes de febreiro (\*ver páxina 12).

En **asuntos pesqueiros**, Galicia segue ostentado a posición de rexión máis importante na UE e, por tanto, o seu labor no ámbito comunitario esténdese á defensa de todas as dimensións deste sector. En 2016 é de destacar a posta en marcha do programa operativo do FEMP en Galicia e o seguimento de varios expedientes legislativos que afectan ao sector galego: a proposta de Regulamento de medidas técnicas no ámbito da pesca, que segue permitindo o uso do xeito (pesca tradicional da

sardiña) despois de que se conseguise que a Comisión retirase en 2015 a prohibición total de redes de enmalle á deriva que incluía esta arte de pesca utilizada en Galicia; a proposta dun novo regulamento sobre a xestión sustentable das frotas pesqueiras exteriores e a proposta para o establecemento dun marco europeo para a recompilación, xestión e uso dos datos do sector pesqueiro. Precisamente sobre esta proposta de regulamento pronunciouse a conselleira do Mar na Conferencia Internacional de Asesoramento Económico na Gobernanza Pesqueira, organizada pola Comisión Europea en Malta no mes de febreiro.

En marzo, o PE organizou, co apoio da Xunta, unha **visita de varios eurodeputados da comisión de Pesca a Galicia**. Os tres eurodeputados galegos, Francisco Millán Mon, Lidia Senra e José Blanco, acompañados polo presidente da comisión, Alain

Cadec, e polos vicepresidentes Werner Kuhn e Jaroslav Wallesa mantiveron, durante tres días, varios encontros: co sector procesador da man da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes (ANFACO) e a Asociación Española de Almacenistas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (CONXEMAR) —ambas con sede en Galicia—; con representantes do sector como a Cooperativa de Armadores de Pesca de Vigo (ARVI), a Asociación de Armadores de Artes Menores de Galicia (ASOAR) ou asociacións defensoras da arte do xeito, e con diferentes interlocutores do sector da acuicultura. Ademais, tiveron ocasión de visitar o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), como instituto punteiro en España no control da calidade ambiental mariña, así como o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA).

A FGE organizou unha mesa redonda sobre a defensa dos intereses pesqueiros no proceso europeo de toma de decisións.



Durante os meses de maio e xuño, **diferentes responsables do sector pesqueiro a nivel comunitario visitaron Galicia** grazas aos bos contactos establecidos en Bruxelas: un funcionario de DG MARE participou nunha xornada sobre a Política Pesqueira Común celebrada no marco da Feira Monográfica Náutico-Pesqueira, EXPOMAR, que tivo lugar en Burela; a eurodeputada autora do informe sobre o regulamento de control da pesca, Isabelle Thomas, tivo oportunidade de coñecer o funcionamento do sistema de inspección pesqueira de Galicia, e o novo director xeral de DG MARE, João Aguiar Machado, aproveitou a súa visita institucional á Axencia Europea de Control da Pesca con sede en Vigo para coñecer de preto o funcionamento do sector pesqueiro en Galicia. Así, visitou a lonxa, realizou un percorrido pola ría

de Vigo (na foto) e mantivo reunións con varios representantes do sector. Ademais, a xefa de unidade para España de DG MARE, Isabelle Garzón, visitou Galicia no mes de setembro.

En decembro, la FGE participou na organización da visita dunha comitiva formada por 20 **representantes do sector pesqueiro de Galicia** a organizar unha visita de tres días en Bruxelas co fin de coñecer de preto aos distintos actores participantes no deseño da Política Pesqueira Común da Unión Europea. Convidados polo eurodeputado galego Francisco Millán Mon, o grupo —integrado por representantes da Federación Galega de Confrarías, das organizacións de produtores, de asociacións de armadores e do Porto de Vigo— visitou primeiro a DG MARE, onde foron recibidos



polo seu máximo responsable, João Aguiar Machado. No Parlamento Europeo, tiveron a oportunidade de asistir a unha reunión da Comisión de Pesca, ademais de recibir información sobre o traballo desta institución colegislativa da man de varios eurodeputados activos no ámbito da pesca (Millán Mon e Gabriel Mato). Igualmente, visitaron o Comité das Rexións (na foto), onde foron recibidos polo membro suplente en representación de Galicia, Jesús Gamallo Aller.

Con motivo desta visita, la FGE organizou na súa oficina unha **mesa redonda sobre a defensa dos intereses pesqueiros no proceso europeo de toma de decisións** que contou coas intervencións de representantes da propia FGE, a Consellería do Mar, a asociación europea das organizacións

nacionais de empresas pesqueiras da UE (EUROPECHE) e dos dous conselleiros de Pesca da Representación Permanente de España ante a UE. Deste xeito, o sector pesqueiro galego puido ter unha completa visión dos distintos actores que están a traballar en Bruxelas no ámbito pesqueiro, complementando as visitas previas ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

Por último, a delegación visitou o porto pesqueiro de Bruxas, no Mar do Norte, onde foi acollida por membros da lonxa e a confraría de pescadores. A delegación puido así compartir experiencias e puntos de vista cos seus homólogos flamencos e comprobar como, a pesar da gran diferenza de tamaño das súas frotas, enfróntanse a problemas similares.





## Foros de debate en Bruxelas con participación galega

Nos meses de febreiro e marzo, a sede da FGE acolleu dúas reunións da Rede de Rexións Europeas para a Investigación e Innovación (ERRIN), na que Galicia participa a través de GAIN. Foron senllas reunións dos grupos de traballo de Bioeconomía e de Estratexias de Especialización Intelixente, que congregaron a preto de medio centenar de representantes rexionais cada unha.

Aproveitando a presenza dos conselleiros de Facenda e de Mar na capital comunitaria, a FGE organizou o 19 de abril na súa oficina o seminario “Galicia cara a 2020”, no que os mandatarios galegos presentaron o PEG e a estratexia de Crecemento Azul do Porto de Vigo como accións clave para avanzar no cumprimento dos obxectivos 2020. O acto congregou a máis de medio centenar de asistentes entre os que destacan varios funcionarios e actores do ámbito marítimo pesqueiro como o

conselleiro de Pesca da REPER ou o ministro rexional de asuntos marítimos de Bretaña.

